

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Persoal

Publicación das bases para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de xefatura de servizo do Concello da Coruña

ANUNCIO

Por Resolución do Concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica, por delegación da Xunta de Goberno Local, de data 18 de xullo de 2025, resolveuse autorizar a convocatoria e á aprobación das seguintes bases específicas:

BASES PARA A PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE LIBRE DESIGNACIÓN CON CONVOCATORIA PÚBLICA, DUN POSTO DE XEFATURA DE SERVIZO DO CONCELLO DA CORUÑA

De conformidade co establecido no artigo 80 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, no artigo 92 e 93 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no RD 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e no Decreto 151/2022, de 4 de agosto, anúnciase a provisión, polo sistema de libre designación con convocatoria pública, do seguinte posto de traballo do Concello da Coruña, en base ao establecido nas seguintes bases:

Servizo	Código	Unid. org	Ref.	Pto. traballo	G	N	Esc.	R.E.	CE	TP	FP	UE	Admon.
Acción Social	AS0000	Acción Social	1451	X. Servizo	A1	28	AX/AE	F	FR14 ED	N	LD	N	TD

– **Complemento específico:** esta columna informa das retribucións anuais correspondentes ao complemento específico de acordo coa relación de postos de traballo vixente (BOP núm. 38 do 25/02/2025).

– **FP:** fai referencia a forma de provisión dos postos de traballo.

- LD: libre designación

– **ADM:** esta columna fai referencia á administración de orixe do persoal funcionario que pode ocupar os postos de traballo.

- TD: Posto aberto a persoal funcionario doutras administracións, sempre que cumpran os requisitos establecidos na RPT e sexan titulares dunha praza igual ou equivalente a unha praza do cadro de persoal municipal.

Considerarase que unha praza é equivalente ás existentes no cadro do persoal municipal cando cumpra os seguintes requisitos:

- a) As prazas da escala de Administración xeral consideraranse equivalentes ás prazas da escala ou corpo de Administración xeral do mesmo grupo/subgrupo de clasificación profesional.
- b) As prazas da escala de Administración especial consideraranse equivalentes ás prazas da escala ou corpos especiais do mesmo grupo/subgrupo de clasificación profesional.

Caso de non verificarse a equivalencia segundo os criterios do número anterior, producirase a exclusión da persoa aspirante por incumprimento deste requisito.

1. PARTICIPANTES

Poderán concorrer á convocatoria o persoal funcionario de carreira de calquera administración pública da escala de administración xeral ou especial, que reúnan os requisitos para acceder ao posto de traballo convocado segundo as características establecidas nas presentes bases, de conformidade coa relación de postos de traballo vixente no Concello da Coruña (BOP núm. 38 do 25/02/2025).

As persoas funcionarias de carreira que estean desempeñando en comisión de servizos o posto de libre designación con convocatoria pública incluído na presente convocatoria de provisión terán a obrigación de participar nesta. O incumprimento desta obrigación dará lugar á revogación da comisión de servizos.

2. SOLICITUDES

As solicitudes de participación presentaranse por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello da Coruña (<https://sede.coruna.gal>) mediante o procedemento específico “Procedemento ordinario de provisión de postos de traballo” de conformidade co previsto na ordenanza reguladora da administración dixital do Concello da Coruña (BOP núm. 114 do 16/06/2023).

O prazo de presentación será de 15 días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE).

2.1 Modelo de solicitude

As persoas aspirantes deberán cubrir con exactitude o modelo específico de solicitude de participación en provisión de postos de traballo por libre designación dispoñible no seguinte enlace [mod121_Solicitud_provision_posto_traballo_campos.pdf](#) ([coruna.gal](https://sede.coruna.gal)), na páxina web www.coruna.gal ou nas oficinas de asistencia en materia de rexistro do Concello da Coruña.

Xunto coa solicitude as persoas interesadas deberán presentar un currículo vitae asinado no que conste o traballo desenvolvido, titulación académica, cursos realizados e outros méritos que se considere oportuno poñer de manifesto, xunto coa documentación acreditativa destes. Os méritos relativos aos servizos prestados no Concello da Coruña deberán alegarse coa solicitude, con indicación dos períodos de servizos prestados e serán comprobados polo servizo de Recursos Humanos.

En aplicación do artigo 28 da LPAC os datos incluídos nas solicitudes serán consultados polo Concello da Coruña. Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderáselles requirir ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

De conformidade co artigo 28 da LPAC as persoas aspirantes teñen dereito a non presentar a documentación que xa obre en poder do Concello da Coruña, este poderá consultar ou recadar a dita documentación salvo que as persoas interesadas se opoñan. A existencia da dita documentación debe ser alegada na solicitude de participación.

A falta de presentación da solicitude en tempo e forma supoñerá a non admisión da persoa aspirante ao proceso de provisión de postos de traballo por libre designación.

Os criterios a ter en conta para adxudicar o posto a persoa máis idónea serán con referencia á data do peche do prazo de presentación de solicitudes.

En ningún caso teráse en conta criterios ou aspectos non alegados na solicitude ou non acreditados documentalmente en prazo.

3. NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN

Conforme ao disposto no artigo 27 do Decreto 151/2022, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico, de aplicación ás entidades locais tal e como se establece no seu artigo 2, a convocatoria será resolta polo Concelleiro de Economía e Planificación Estratéxica, que por acordo da Xunta de Goberno Local do 04/07/2024 (BOP núm. 129 do 05/07/2024) ten delegación xenérica en materia de xestión do persoal, no prazo máximo de dous meses contados desde a data da publicación da presente convocatoria. En caso de non resolverse no dito prazo declararase a caducidade do procedemento.

A resolución desta convocatoria que se publicará no BOP, poderá de forma discrecional adxudicar o posto a calquera das persoas funcionarias de carreira solicitantes que reúnan os requisitos exixidos para o seu desempeño, debendo motivarse con referencia ao cumprimento por parte das persoas elixidas dos requisitos e especificacións exixidos na convocatoria e a idoneidade daquelas para o desempeño dos postos convocados. Esta resolución de adxudicación requirirá o informe previo da persoa titular do servizo, centro ou unidade ao que figure adscrito o posto convocado e un informe proposta do servizo de Recursos Humanos.

Se o nomeamento recae en persoal funcionario de carreira pertencente a outra Administración Pública, requirirase informe desta. De non emitirse o mesmo no prazo de 15 días naturais, considerarase favorable, de conformidade co previsto no artigo 54.1 do Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo, aprobado por Decreto 364/1995 do 10 de marzo.

O persoal funcionario de carreira que, como consecuencia da resolución da convocatoria, reingrese ao servizo activo, presentará ademais a seguinte documentación:

Declaración xurada de non acharse inhabilitado por sentenza firme para o desempeño do servizo público nin ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública.

Así mesmo, a resolución poderá declarar deserta a convocatoria, por considerar que ningunha das persoas candidatas reúne as características adecuadas para o posto de traballo ou non reúne a idoneidade necesaria para o seu desempeño, ou se non se presentase ningunha solicitude.

O prazo para tomar posesión será de 3 días hábiles se non implica cambio de residencia do persoal funcionario, ou de 7 días hábiles se comporta cambio de residencia. Cando a persoa adxudicataria do posto coa súa toma de posesión reingrese ao servizo activo, o prazo será de 1 mes. Este prazo comezará a contarse desde o día seguinte ao do cesamento no anterior posto, que deberá efectuarse na data que determine a resolución definitiva da libre designación. Se a resolución comporta o reingreso ao servizo activo o prazo de toma de posesión deberá computarse desde a devandita publicación.

4. RÉXIME DE IMPUGNACIÓN

De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra as presentes bases poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que as ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da súa publicación. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

A Coruña, 11 de setembro de 2025

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, PD.

O concelleiro delegado responsable de Economía e Planificación Estratéxica

José Manuel Lage Tuñas

2025/6021